

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002335	IES Manuel García Barros	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a materia de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Secundaria Obrigatoria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á maduración do proxecto persoal e profesional, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá e os seus principios e valores sociais. Responde á necesidade de comprender criticamente e mellorar creativamente nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento do proxecto vital que aspira á súa realización persoal e á súa inserción social nos ámbitos propios da vida adulta.

Contexto socioeconómico

O centro para o que está deseñada esta programación é un Instituto de Educación Secundaria situado nun concello duns 22.000 habitantes. Atópase a medio quilómetro do centro urbano, o que implica un certo illamento en relación á vida social do concello. Hai un número aproximado de 370 alumnos, a maioría procedentes do núcleo urbano. As unidades familiares teñen como media catro membros (pai, nai e dous fillos), aínda que hai un alto porcentaxe de familias nas que os alumnos conviven cos seus avós. A actividade dos pais responde maiormente a traballos cun soldo medio no sector servizos ou empresarial. Atopamos pais cun soldo medio, como tamén cada vez máis frecuentemente un número elevado de pais desempregados.

Contexto cultural

A localidade na que está situado o centro conta cun teatro e un cine (con dúas salas de proxección), con programación habitual e outras específicas para escolares, en colaboración cos centros educativos. Existe tamén unha biblioteca municipal coa que se coordina para custións variadas a biblioteca do centro.

O centro

Trátase dun edificio de tres plantas. Na planta baixa atópase a Sala de Usos Múltiples, a biblioteca e a Aula de Desdobre I (con ordenadores e canón de proxección). No primeiro e segundo pisos, ademais das aulas de docencia, hai tres aulas de informática, con ordenadores con acceso a Internet.

A biblioteca dispón dun servizo de préstamo e un sistema de consulta e reserva telemáticas.

No centro impártense os catro cursos de ESO, con tres grupos en 1º e dous en 2º, 3º e 4º, e os dous de Bacharelato, con tres grupos en cada curso. O horario lectivo é o seguinte: tódalas mañás de 8h 45´ a 14h 25´, e a tarde do martes de 16h 30´ a 18h 10´

e a tarde do mércores, no mesmo horario que a do martes. A duración do período de clase, tanto pola mañá coma pola tarde, é de cincuenta minutos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do <i>¿Reino de Deus¿</i> , para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Buscando as orixes. A creación	Esta unidade pretende, mediante un percorrido histórico e teolóxico, que se chegue a comprender que o ser humano sempre buscou á divindade. Así mesmo analizaranse os distintos relatos da creación (na Biblia e noutras culturas e relixións) como complementarios ás teorías científicas, nunca como incompatibles.	15	6	X		
2	Un pobo elixido. A historia do pobo de Israel	A unidade aportará unha visión histórica do pobo de Israel, á vez que o presenta como un pobo que se sinte elixido por Deus. Presentará as diferentes etapas históricas en paralelo aos relatos bíblicos que as recollen. Na unidade farase fincapé nas distintas persoaxes que constituíron unha parte fundamental da historia deste pobo: Abrahán, Moisés, os profetas, etc. O pobo xudío na actualidade.	15	6	X		
3	Camiño, verdade e vida. Xesús, Deus e home	Unidade que aborda a figura de Xesús como personaxe histórico e como Mesías, fillo de Deus, anunciado ao pobo xudío. Para achegarse á historia de Xesús utilizaranse fontes de historiadores romanos e os evanxeos	20	6		X	
4	Móstrannos o camiño. Os evanxeos	Farase unha primeira aproximación aos evanxeos como fonte literaria e mensaxe relixiosa.	15	6		X	
5	Un pobo que camiña. A Igrexa	Nesta unidade procurarase xerar relacións respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e da común pertenza á Igrexa.	15	5			X
6	Construímos xuntos a paz	Recoñeceremos as actitudes e comportamentos necesarios para traballar por un mundo mellor, identificando e valorando os dons e capacidades para o ben común propios e dos compañeiros.	20	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Buscando as orixes. A creación	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece e respecta as diferentes crenzas e tradicións relixiosas. Pode enumerar e describir as crenzas, símbolos e ritos fundamentais da maior parte delas.	PE	10
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Valora a creación e reflexiona sobre a súa implicación na conservación e mantemento da mesma.	TI	90
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Mostra preocupación polo seu entorno e os demais e comprende como a súa actitude inflúe no que lle rodea.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Valora a arte como medio de comunicación da mensaxe cristiá cos demais e valora o impacto da mesma no ser humano ao longo da historia.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Mostra interese pola propia espiritualidade e valora as distintos tipos de espiritualidades propios das diferentes culturas e sensibilidades.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	É quen de expoñer os elementos fundamentais da fe cristiá en consonancia cos seus valores e parámetros culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
2	Un pobo elixido. A historia do pobo de Israel	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	É quen de expoñer os elementos fundamentais da fe cristiá en consonancia cos seus valores e parámetros culturais.	PE	10
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Afonda na súa propia identidade persoal analizando relatos bíblicos e outras biografías de vocación e misión.	TI	90
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Manifesta verbal e activamente o recoñecemento do outro.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñece o valor de obras artísticas de contido cristián, con capacidade actual para transmitir unha mensaxe relixiosa nas linguaxes estéticas actuais.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta e coñecer os elementos das diferentes igrexas e tradicións relixiosas, para establecer un diálogo interrelixioso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	Camiño, verdade e vida. Xesús, Deus e home	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñecer o valor de obras artísticas de contido cristián, con capacidade actual para transmitir unha mensaxe relixiosa nas linguaxes e estéticas actuais.	PE	20
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Coñecer os principios básicos da fe cristiá e o seu lugar respecto da razón e cultura, e tomar unha postura aberta ao diálogo con outras opinións.		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Afonda na súa propia identidade persoal analizando relatos bíblicos e outras biografías de vocación e misión.	TI	80
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identifica os valores do ser humano e a súa importancia a escala individual e social, e recoñecer a súa raíz bíblica.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Manifesta verbal e activamente o recoñecemento do outro.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifesta actitudes de solidariedade e de xustiza social, e non elude o encontro coa diversidade		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Recoñece o valor das expresións culturais e a súa contribución á formación identitaria de persoas e sociedades, e amosar interese por coñecer e dialogar coas persoas pertencentes a outras culturas alleas á propia.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Xesucristo e á Biblia como mensaxes centrais do cristianismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
4	Móstrannos o camiño. Os evanxeos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	É quen de expoñer os elementos fundamentais da fe cristiá en consonancia cos seus valores e parámetros culturais.	PE	20
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Afondar na súa propia identidade persoal analizando relatos bíblicos e outras biografías de vocación e misión.	TI	80
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identificar os valores do ser humano e a súa importancia a escala individual e social, e recoñecer a súa raíz bíblica.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifesta actitudes de solidariedade e de xustiza social, e non elude o encontro coa diversidade		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza a contorna social ampla e identifica situacións de inxustiza e outras, ligándoas ao proxecto do Reino de Deus.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñece o valor de obras artísticas de contido cristián, con capacidade actual para transmitir unha mensaxe relixiosa nas linguaxes estéticas actuais.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Xesucristo e á Biblia como mensaxes centrais do cristianismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
5	Un pobo que camiña. A Igrexa	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Xesucristo e á Biblia como mensaxes centrais do cristianismo.	PE	20
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	É quen de expoñer os elementos fundamentais da fe cristiá en consonancia cos seus valores e parámetros culturais.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Manter relación cos seus iguais, comunicar ideas, prestar axuda e aceptar opinións alleas.	TI	80
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifesta actitudes de solidariedade e de xustiza social, e non elude o encontro coa diversidade		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza a contorna social ampla e identifica situacións de inxustiza e outras, ligándoas ao proxecto do Reino de Deus.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñece o valor de obras artísticas de contido cristián, con capacidade actual para transmitir unha mensaxe relixiosa nas linguaxes estéticas actuais.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Mostra interese pola propia espiritualidade e valora as distintos tipos de espiritualidades propios das diferentes culturas e sensibilidades.		
CA1.10 - Respectar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta e coñecer os elementos das diferentes igrexas e tradicións relixiosas, para establecer un diálogo interrelixioso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
6	Construímos xuntos a paz	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	É quen de expoñer os elementos fundamentais da fe cristiá en consonancia cos seus valores e parámetros culturais.	PE	15
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identificar os valores do ser humano e a súa importancia a escala individual e social, e recoñecer a súa raíz bíblica.	TI	85
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Manter relación cos seus iguais, comunicar ideas, prestar axuda e aceptar opinións alleas.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifesta actitudes de solidariedade e de xustiza social, e non elude o encontro coa diversidade		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñece o valor de obras artísticas de contido cristián, con capacidade actual para transmitir unha mensaxe relixiosa nas linguaxes estéticas actuais.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Mostra interese pola propia espiritualidade e valora as distintos tipos de espiritualidades propios das diferentes culturas e sensibilidades.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Xesucristo e á Biblia como mensaxes centrais do cristianismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.

Contidos

- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, xeográficos, históricos, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ao coñecemento partindo dos seus centros de interese e do seu contorno máis próximo.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Aula Virtual

- Ordenador e pantalla dixital
- Fichas das carpetas de recursos do Departamento
- Videoteca e bibliografía da biblioteca do Instituto
- Webquest
- Xogos e dinámicas en rede
- Presentacións en Power-Point, Prezi e noutros recursos on-line

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore o alumnado unha vez comezado o curso. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes do curso pasado en canto o desenvolvemento de cada alumno.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como: Choiva de ideas sobre as características propias da persoa, da sociedade, da Igrexa, do voluntariado, das comunidades multiculturais...

Realizarase unha proba específica na primeira semana de curso, que consistirá en probas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. A proba terá un carácter informativo e non terá validez para a avaliación e cualificación de final de curso.

Modelo de proba inicial para alumnos procedentes de Primaria ou susceptibles de medidas de atención á diversidade:

1. Di o nome das cinco relixións máis importantes que hai no mundo na actualidade.
2. Pon unha característica da vida de Xesús de Nazaret que máis te chamou a atención cando cha contaron.
3. Achégase a ti un compañeiro cun papel que pon: Mt 1, 1-5. A el parécelle unha marca de roupa pero ti sabes que é unha cita da Biblia. Explícalle que significa. É dicir, como se busca unha cita na Biblia.
4. Dos sete sacramentos que son: Bautismo, Confirmación, Eucaristía, Perdón ou Penitencia, Unción de enfermos, Orden Sacerdotal e Matrimonio, escribe:
 - + Os que coñezas por ter asistido nalgunha igrexa a algún deles.
 - + Os que ti tes recibido ou recibes actualmente.
 - + Lembra o que tes estudado en cursos anteriores e contesta: signo que se utiliza en cada un deles (por exemplo, no bautismo se utiliza como signo, a auga) e o significado de cada un (por exemplo, o Orden Sacerdotal serve para que un rapaz poida ser sacerdote).
5. Escribe algo sobre a vida do santo, ou santa, ou personaxe famoso, cuxo nome coincide co teu.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	20	15	15	20	100
Proba escrita	10	10	20	20	20	15	16
Táboa de indicadores	90	90	80	80	80	85	84

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1 e 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD3 e 4

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD5 e 6

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: - A nota da 1ª avaliación supoñerá un 30% da nota final.
 - A nota da 2ª avaliación supoñerá un 35% da nota final.
 - A nota da 3ª avaliación supoñerá un 35% da nota final.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

- Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 90% da cualificación final.

- Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 10%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa ao finalizar o curso e que non superase a materia, deberá recuperala atendendo aos seguintes criterios de recuperación:

Por un lado, realizará unha serie de tarefas (similares ás tarefas realizadas ao longo do curso) que versarán sobre os contidos traballados e que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final.

Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados nesas actividades que terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

Dende o convencemento de que cada persoa é única, a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de problemática, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

Ademais, para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna trataremos de:

- Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.
- Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.
- Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.
- Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.
- Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser os materiais aportados por fundacións como Cáritas, Mans Unidas...
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións...	X	X	X
Proxección de fragmentos escollidos de películas sobre temas relativos á materia.	Posteriormente realízase unha sesión de Cine-Forum na que os alumnos/as deben responder a unha serie de preguntas elaboradas pola profesora, e logo terá lugar un debate sobre o tema. Tense en conta a atención prestada á proxección, o respecto co que se trate o tema, o respecto aos compañeiros/as que opinen de distinto xeito ao noso, as afeccións de palabras, etc.	X	X	X
Charlas formativas	Asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), Día Internacional da Paz, semanas culturais...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Coherencia entre o programado e o desenvolvemento da clase
Metodoloxía empregada
Distribución temporal equilibrada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación do desenvolvemento da clase ás características do grupo

Medidas de atención á diversidade
Utilización dunha metodoloxía adecuada
Clima de traballo na aula
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Instrumentos de avaliación que permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe
Outros
Adopción de medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe
Oferta de resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe
Aplicación de medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizarcada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados